



[www.bng-ribeira.org](http://www.bng-ribeira.org)

**Luis Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, neste concello presenta a seguinte cuestión ante a Xunta de Goberno Local de Ribeira para a súa resposta por escrito.**

### **SITUACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA E DA ÁREA DE PROTECCIÓN CIVIL**

Durante os últimos anos o concello de Ribeira contou cun GRUMIR (Grupo Municipal de Intervención Rápida), que funcionaba de forma interrompida durante unha media de nove meses ao ano e que se sostíña a través de subvencións da administración autonómica. Este equipo estaba composto por 12 membros contratados de maneira temporal, alén de 3 efectivos (oficiais de GRUMIR) que estiveron contratados de maneira ininterrompida durante máis de 5 anos. Os compoñentes deste servizo contaban, na súa maioría, cunha elevada formación que ía incrementándose co paso dos anos a medida que, mediante un labor de formación continuo, ían adquirindo novos e máis avanzados coñecementos ademais da experiencia derivada prestación de servizo á cidadanía.

Durante os últimos períodos de servizo do GRUMIR, este equipo dedicouse a **realizar tarefas que nada tiñan que ver coa atención as emerxencias** tales como pintado de pasos peonís, transporte de sinais de tráfico, vixilancia de actos políticos do partido popular, etc. Algún destes servizos nin se quera estaban relacionados co servizo público, senón que, supostamente encomendábenselle tarefas como o desbroce de fincas particulares, algo que, de ser certo sería un asunto de extrema gravidade.

Estes feitos fan que poida verse mermada a calidade do servizo que prestan, xa que non hai preparación da poboación para afrontar situación de emerxencia, deixan de realizarse tarefas de autoprotección como charlas en colexios e outras entidades, non se realizan e actualizan os plans de emerxencia e autoprotección obsoletos, pode haber retraso no tempo de resposta, carencia de actividades formativas de reciclaxe para os membros do servizo de emerxencias, etc

Ademais da situación anterior, temos que denunciar o estado no que se atopan os equipos de traballo co risco que isto implica para os propios/as traballadores/as e para a cidadanía.

A partir do 2012, e logo da entrada no Concello de Ribeira do “novo” equipo de goberno municipal, ao tempo que a Xunta de Galicia formulaba a reordenación do “mapa das emerxencias en Galicia”, expoñíase a intención de retirar os fondos para o sostemento dos GRUMIR. Ribeira viuse afectada por esta medida ao existir no seu ámbito municipal un parque de bombeiros de nivel supramunicipal, e ao contar con máis de 25.000 habitantes.

Dentro do contexto exposto, a finais de ano finalizaba a contratación do persoal discontinuo do GRUMIR. Ante esta situación informábase da futura creación dun grupo de atención ás emerxencias por parte do Concello. Segundo puidemos saber, membros do equipo de goberno de Ribeira aseguraban que se prestaba o servizo indefinidamente de maneira voluntaria existirían moitas posibilidades de que pasasen a formar parte do hipotético servizo municipal de emerxencias en cuxa creación se estaba a traballar. Paralelamente a isto, e ante a negativa a seguir os dictados abusivos, carentes de rigor e impostos polo concello este decidiu, de forma unilateral, dar por **finalizada a relación laboral cos tres membros estables do GRUMIR de maneira improcedente**, situación que foi denunciada ante os sindicatos por estas tres persoas e que **rematou en indemnización económica por parte do concello**. Estes tres membros, ademais de realizar as tarefas de coordinación do servizo profesional de emerxencias, tamén eran coordinadores da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ribeira. Situación que se viu agravada pola colocación de persoal afín nestes postos de coordinación, xente sen ningún tipo de formación en materia de emerxencias e protección civil.

Tras esta exposición de motivos as **cuestión a expor** son as seguintes:

- 1. Qué motivos levaron ao despedimento dos tres membros do GRUMIR que estaban a facerse cargo da coordinación da agrupación de voluntarios de protección civil e dos servizos de emerxencias deste concello e que tiñan o seu posto de traballo consolidado logo de varios anos de servizo?**
- 2. Quén se atopa a cargo da coordinación da AVPC e dos servizos de emerxencias na actualidade?**

3. **Ten o actual coordinador a preparación e cualificación exigible a un coordinador dun servizo de emerxencias?**
4. **Realizaron os GRUMIR ou están a realizar membros da AVPC de Ribeira tarefas que non están relacionadas coa protección ou que atendan a intereses particulares dos seus responsables políticos ou de persoas afíns a estos?**
5. **Cando entrará en funcionamento o equipo de emerxencias que se ven anunciando desde hai meses? Qué tipo de tarefas vai a realizar este servizo de emerxencias?**
6. **O novo equipo de emerxencias de seis persoas dará cobertura á cidadanía durante os 365 días do ano, as 24 horas do día?**
7. **Cando se van saber e que tipo de criterios ou requisitos se establecerán para a selección do persoal mellor cualificado para estes postos de traballo?**
8. **Para o traballo, este equipo disporá de material propio ou utilizaranse medios dalgunha outra área do concello?**
9. **Con que material conta o concello na actualidade para pór a disposición do persoal cualificado que forme parte dese futuro equipo e que reúna os requisitos de seguridade para incendios, atención a vítimas de accidentes, salvamentos e rescates no mar, en montaña ou en espazos confinados?**

Luís Pérez Barral

Ribeira, marzo 2014  
[www.bng-ribeira.org](http://www.bng-ribeira.org)